

rede.blogaliza.org  
Inverno de 2010  
A Coruña

# ESIXIMOS O DEREITO Á "O PXOM da Coruña, unha ilusión nada realista" e pouco eco-lóxica"

DEREITOACIDADE.BLOGALIZA.ORG

1. O informe da Xunta, desfavorable respecto ao PXOM di o seguinte: "O planeamento inclúe convenios con outras administracións "pendentes de formular" para a urbanización do porto, a Fábrica de Armas, os terreos da terminal de buses e a estación intermodal. O Concello prevé executar proxectos coa axuda doutras institucións pese a que non ten comprometida a correspondente financiación. A Xunta solicita ao Concello que corrixa o seu estudo económico xa que o plan non pode conter "previsións de financiación" para executar sistemas xerais e actuacións públicas que se atribúen, sen consultar antes, a outras administracións.

A administración autonómica pide que se aclare en qué se basea o Executivo municipal para calcular que a poboación aumentará en 67.000 habitantes nos próximos anos e que será necesario construír 33.900 pisos. Ademais, os técnicos entenden que o Concello baseou a súa previsión de crecemento urbanístico (33.900 novas vivendas, das que 24.723 garante que se van ocupar, 64.000 habitantes máis e unha ratio de 2,6 persoas por casa) de acordo co "grande auxe construtivo" do anterior plan, do período 1999-2007, cando se levantaron 22.000 vivendas".  
Fontes: *La Opinión* (01/09/2009) e *Informe da Xunta* <http://www.cptopt.xunta.es/portal/cidadan/pid/1064>

2. O PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) é o documento técnico de ordenación urbanística que vén a revisar e actualizar o plan do 1998. Esta revisión realízase por rematar a vivencia de 10 anos do anterior documento e ante a oportunidade urbanística aberta co traslado do actual porto industrial ao Porto Exterior en Suevos.  
- O plan do 1998 formulaba diversos sectores urbanizables (grandes novas bolsas de solo urbanizable), coa pretensión "teórica" e finalmente errónea de baixar o prezo do solo. Entre 1999 e 2007 construíronse 22.000 novas vivendas, número semellante ás vivendas baleiras do municipio. Aínda así, a medida

non serviu para o fin inicialmente proposto.  
- O PXOM en fase de aprobación, contratado a dedo e non mediante concurso público, deixa sen concretar, dez anos despois, moitas das medidas que virían a resolver os problemas xa localizados no Plan do 1998.  
- "O orzamento do PXOM, cun horizonte definido en 2016, é de 942 millóns de euros, máis de catro veces os orzamentos do concello da Coruña para 2010 (210,7 millóns de euros)".  
Fonte: *memoria impresa do PXOM en fase de aprobación, editada polo Concello*

3. "Cada día pecha un pequeno comercio na cidade".  
Fonte: *La Voz de Galicia* (5/07/2009), *datos da Federación de Comercio*.  
- "O 10% das tendas do centro de Coruña pecharon durante o 2009, é dicir, 600".  
Fonte: *Xornal* (25/04/2009), *datos da Federación Galega de Comercio*.  
- "Superco, promotora de cinco centros comerciais galegos, suspende pagos".  
Fonte: *La Voz de Galicia* (5/01/2010)  
- "En catro dos últimos centros comerciais inaugurados na cidade, Elviña, Bulevar del Papagayo, Dolce Vita e Espacio Coruña, hai 113 locais baleiros fronte aos 163 ocupados, é dicir, o 41% dos locais está baleiro nestes momentos".  
Fonte: *La Voz de Galicia* (10/01/2010)

4. O Plan Galicia de parques empresariais programa case 3.000.000 de m<sup>2</sup> na órbita do novo Porto exterior, unha superficie maior á de 400 campos de fútbol.  
- "Collazo promove en Montsalgueiro unha das maiores recalificacións de España. Pretende deixar solo industrial que ofrezca servizos aos portos exteriores da Coruña e Ferrol. [...] Son 400.000 m<sup>2</sup>".  
Fonte: *La Opinión* (06/02/2008) [http://www.laopinioncoruna.es/secciones/noticia.jsp?pRef=2660\\_2\\_164194\\_A-CORUNA-METRO-Collazo-Mato-consigue-recalificar-hectareas-suelo-rustico-Aranga](http://www.laopinioncoruna.es/secciones/noticia.jsp?pRef=2660_2_164194_A-CORUNA-METRO-Collazo-Mato-consigue-recalificar-hectareas-suelo-rustico-Aranga)

Persoas individuais, colectivos culturais e sociais, asociacións veciñais e diversos espazos da sociedade civil coruñesa queremos manifestar a nosa disconformidade rotunda, ante a aprobación inicial (unilateralmente acordada desde o concello da Coruña incluso co informe desfavorable da XUNTA)<sup>1</sup> dun PXOM<sup>2</sup> (Plan Xeral de Ordenación Municipal), que se materializaría na formulación dun modelo de cidade insostible, laboral, ecolóxica e socialmente falando. Expresamos a nosa disconformidade en forma de existencia do Dereito á Cidade. Unha cidade, a de todas e todos, necesitada de procesos de diálogo social real, recibe un plan xeral inconcreto, escuro, dificilmente comprensible e contrariamente do que se quere facer ver, cun elevado déficit no que a participación e debate cidadán se refire. A exclusiva presenza de administracións-partidos e centros de decisión económicos privados (lobbies económicos e grande empresariado da cidade) marca a ausencia dunha formulación dialogante e participativa cunha sociedade civil activa e recoñecible (asociacións culturais e sociais, agrupacións de profesionais, asociacións veciñais, colectivos de base,...) non tida en conta e francamente ausente do proceso de creación deste importantísimo plan de ordenación municipal. Un PXOM que demarca as liñas que dentro do termo "modelo de cidade" marcarán o futuro social, económico, cultural e ambiental da cidade. Grazas ao que lemos neste PXOM o futuro desta cidade semella inconsistente e francamente en suspenso.

5. O documento síntese do estudo de impacto ambiental do porto, localiza 24 impactos ambientais a ter en conta, dos cales 20 están clasificados como adversos fronte a só 4 beneficiosos.  
Fonte: <http://www.puertodelatlantico.com/subido/Tabla16.png>  
- "O custo do porto exterior dispárase ata os 850 millóns de euros, despois de aumentar os orzamentos iniciais de 600 millóns de euros, polo sobrecurso nos accesos á dársena e as instalacións petrolíferas e o oleoducto".  
Fonte: *El País* (21/06/2009)

6. Os recheos no porto exterior ascenden a 12.779.797 m<sup>3</sup>, aos que hai que engadir os recheos que se farán no proxecto previsto no lugar do porto actual.  
Fonte: <http://www.coruna.es/servlet/Satellite?c=Page&pagename=Portal%2FPage%2FPortal-SubportadaSeccionDescriptivos&cid=1160352168402&argIdioma=gl>  
Estes recheos teñen un enorme impacto ambiental, que actualmente se está a demostrar e debater con sentenzas desfavorables noutras cidades e vilas galegas, como Vigo, Ferrol, Marín ou Cangas.  
Fonte: *El Correo Gallego* (11/11/2009) <http://www.elcorreo.gallego.es/galicia/ecg/golpe-relleno-rias/idEdicion-2009-11-11/idNoticia-486082/>

7. "Arteixo e Culleredo exclúen dos seus plans iniciais o Parque Alto de Busquets. O Concello coruñés pretende construír o gran pulmón verde en terreos que atravesan os dous concellos limítrofes"  
Fonte: *La Voz de Galicia* (22/02/2002) <http://www.laopinioncoruna.es/coruna-metro/2009/08/31/artexo-culleredo-excluyen-planes-iniciales-parque-zapateira-busquets/315443.html>

8. Segundo o PXOM, prodúcese a recalificación por convenio dos terreos de A Grela-As Rañas: Despois de que o Concello da Coruña enviara á XUNTA o avance do PXOM, no que os terreos das Rañas que tiñan a consideración de solo rústico segundo o PGOM de 1998, e segundo o Plan Busquets solo rústico de especial protección, asínanse 7 convenios, entre eles o das Rañas, no que se recalifican un millón de metros cadrados, dos cales máis da metade (535.803,33 m<sup>2</sup>) pasan a ser solo edificable. Este convenio asínanse só 1 semana antes de ser aprobado o PXOM. pola Xunta de Goberno do Concello da Coruña e 2 semanas antes de ser aprobado polo Pleno extraordinario do concello de data 1/12/2009. O convenio asínanse entre inmobiliaria Costa Coruña (M. Collazo), promotora U. Las Rías (M. Soto), Anjoca (A. Jove), tres canteiras e dous particulares; estímase que os terreos se revalorizarán nun 5.400 %, polo cal os tres promotores poden percibir máis de 200 millóns de

euros. A indemnización ás canteiras, ascende a un total aproximado de 76 millóns de euros. Segundo o PXOM enviado á XUNTA para a súa aprobación, só se urbanizaban dúas pequenas áreas na zona suroeste xunto a POCOMACO, pero despois, segundo o convenio aumentábase o solo urbanizable ao norte e sur das canteiras onde Anjoca (A. Jove), P.U. Las Rías (M. Soto) e I. Costa Coruña (M. Collazo) teñen parcelas e ademais multiplícase por cinco a edificabilidade. Dáse o caso de que 26.000 m<sup>2</sup> pertencen ao Concello de Arteixo e un dos terreos de Canteira Corporación aparece ao nome doutra entidade que non asina o convenio.

9. Actualmente hai na cidade 112.898 vivendas, das cales 17322 están desocupadas, o 15,34%. Na última década construíuse 21800 vivendas, incremento cercano ao 19% e moi semellante ao número de vivendas desocupadas da cidade. Ao mesmo tempo, só se rehabilitan 266 vivendas entre 1999 e 2009, un 1% do total de vivenda nova. Sen embargo, o plan cre necesario levantar outras 33.900 vivendas, cun crecemento poboacional practicamente nulo (1262 persoas en 2003-08).  
Fonte: *anuario económico La Caixa* (2009) e *memoria do PXOM en fase de aprobación*.

10. "Máis de 120000 vehículos circulan cada día entre A Coruña e a súa área metropolitana".  
Fonte: *La Voz de Galicia* (22/02/2002) <http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/2002/02/22/974497.shtml?idioma=galego>

11. Os núcleos rurais da cidade sofren a súa destrución e fagocitación polo tecido urbano, sen existir un mínimo debate sobre o seu valor, inconveniencia da súa desaparición ou oportunidade de xerar novas formas de habitar a cidade. É o caso de Vioño e San Roque, Eirís, San Vicente de Elviña ou Feáns, os dous primeiros case desaparecidos.

12. No caso dos asentamentos marxinais, o Concello demostra un total descoñecemento e descontrol evidenciado polo feito de que no PXOM, un asentamento como o de O Campanario no que incluso existe un bloque de B+2, aparece denominado como "de autoconstrución" e apreciado como "sen interese".

## Que modelo produtivo (económico) impón o PXOM?

O modelo de cidade terciaria que pretende, fala dun esquema insostible e irreal laboralmente falando, no que se substitúe un sistema produtivo máis heteroxéneo e diversificado por outro baseado en dous eixos de elevado custo ambiental e difícil consolidación económico-produtiva. Primeiro, un ilóxico tecido de grandes superficies comerciais que socavan o pequeno e mediano comercio<sup>3</sup>, entregando ás traballadoras e traballadores a elevadas doses de precariedade laboral e impondo á cidadanía un modelo de consumo irracional moi por riba das demandas actuais e futuras da área metropolitana. Segundo, un porto exterior (sobre o que pivotaría segundo o PXOM e o seu autor, Joan Busquets o tecido industrial<sup>4</sup> e o futuro económico da cidade) tecnicamente cuestionado<sup>5</sup> por persoal experto, administracións e cidadanía, sen uns orzamentos rigorosos e realistas, e dependente do proceso especulativo da venda dos peiraos do porto industrial actual; unha venda bloqueada polo estoupido da burbulla inmobiliaria nunha cidade onde o 15% das vivendas están actualmente baleiras.

## Que modelo urbano (ambiental, territorial, social.) impón o PXOM?

O PXOM fala de "restablecer a relación co medio natural" algo que vai en clara confrontación coas directrices marcadas en relación á creación de novos recheos,<sup>6</sup> megainfraestruturas, ou novos polígonos industriais e residenciais.

As grandes bolsas de zonas verdes nomeadas polo Plan dependen en gran medida de concellos limítrofes, algúns dos cales xa manifestaron a súa indispoñibilidade ante as intencións do municipio capitalino.<sup>7</sup>

Tamén podemos afirmar que o que se supón un dos seus eixos centrais (a creación de vivendas de protección) é fume co que tratar de lexitimar e dar un marco institucional ao proceso de formalización de polígonos urbanizables (e Convenios<sup>8</sup> de última hora e dubidosa formulación) onde a especulación e a xentrificación con actores privados serán o principal elemento urbanizador dunha cidade xa tremendamente densificada.<sup>9</sup>

Por outra banda, unhas infraestruturas que na realidade violentan a cidade peonil (fraccionándoa con autoestradas como a terceira rolda que a illan fisicamente) para dotar principalmente de comunicación a empresas privadas (radicadas esencialmente en grandes centros comerciais e polígonos industriais de futura construción) e apoiar un modelo de transporte onde, de seguirmos co sistema de mobilidade en uso non solucionaremos os problemas de saturación automobilística. Deberíase solucionar as carencias dunha área metropolitana sen alternativas reais de transporte público, e con hexemonía absoluta e dependencia total do vehículo particular<sup>10</sup> co custo de tempo, económico, e ambiental que isto require.

Outra carencia do PXOM é o tratamento ineficiente ou vago do tecido rural<sup>11</sup>; a única alternativa para os núcleos rurais existentes no termo municipal é a de ser fagocitados polo tecido urbano, sen posibilidade de hibridación e enriquecemento mutuo. No mellor dos casos vemos unha conservación dos núcleos tradicionais en tanto elementos históricos, mais destrúese ou ignórase o territorio que lles dá sentido. Por si mesmo ese territorio ten un valor cultural e ecolóxico, en tanto que son territorios sustentables sempre que se potencie, entre outros, o seu uso primario que agora está en decadencia tanto pola dificultade para poder vivir do cultivo destas terras como pola especulación do que é obxeto

Por último, falamos dun documento que segue sen abordar a solución que dende as políticas sociais, merecen os mal chamados asentamentos marxinais<sup>12</sup>, e as persoas que os habitan.


En definitiva, a cidadanía da Coruña, activa e propositiva, esiximos participar no modelo concreto (rúas, barrios, comunidades...) e xeral de cidade.

Esiximos cauces democráticos de debate participativo sobre como queremos construír o noso ecosistema urbano porque buscamos ter a oportunidade de facer desta cidade un territorio realmente habitable, sustentable e tolerante.

## Esixímolos Aquí e Agora

Asamblea de parad@s d'A Coruña	Ergosfera
AVV Os Rexumeiros de Elviña e Castro	FugaEmRede
AVV O Campanario	Nomepisesofreghao
Arquitectos sen Fronteiras Galicia	Universidade Invisibel
AC Tempo Novo	Zocaminhoca
CS Atreul	
CSO Casa das Atochas	
Comite Defensa das Rías Altas	
desescribir	


# Algunhas gráficas que serven para contextualizar a información presentada no documento...



## Canto custa o PXOM. O seu orzamento en relación ao do Porto exterior e ao do Concello para 2010

Fonte: elaborado a partir dos orzamentos oficiais publicados polo Concello e da memoria do PXOM proposto.


- 1 PXOM  
942 millóns € de orzamento (ata 2016)
- 2 PORTO EXTERIOR  
850 millóns € de orzamento (non pechado)
- 3 CONCELLO DE A CORUÑA  
210,7 millóns € de orzamento (2010)



## Os cartos que xestiona o Concello en relación a outras entidades importantes na cidade. Comparativa por orzamentos.

Fonte: elaborado a partir dos orzamentos oficiais publicados polo Concello e dos seguintes enderezos web:  
<http://www.infomercados.com>  
<http://www.canaldeportivo.com>  
<http://www.eleconomista.es>  
<http://www.abc.es>


- 1 CONCELLO DE A CORUÑA  
210 millóns € de orzamento (2010)
- 2 R.C. DEPORTIVO  
55 millóns € de orzamento (2010)



## En que se invertirán os cartos do PXOM

Fonte: elaborado a partir da memoria do PXOM proposto.


- PXOM  
942 millóns € de orzamento
- 1 SISTEMA VIARIO E INFRAESTRUCTURAL  
88%
- 2 VERDE E EQUIPAMENTOS  
12%



## Do total do orzamento do Concello, cantos cartos se destinan a inversións (obras)

Fonte: elaborado a partir dos orzamentos oficiais publicados polo Concello.


- 1 CONCELLO  
210,7 millóns € de orzamento (2010)
- 2 CONCELLO  
53 millóns € en inversións (obras)
- 3 CONCELLO  
Dos 53 millóns, a metade provén dos fondos estatais FEIL



## Os tempos do PXOM. Canto tempo leva redactalo, durante canto tempo é posible alegar e cal é a súa vixencia.


Fonte: elaborado a partir da memoria do PXOM proposto.

- 1 VIXENCIA DO PXOM  
10 anos desde que se aproba pola XUNTA
- 2 PROCESO DE ELABORACIÓN DO PXOM  
2 anos. Adxudicouse en Xuño de 2007
- 3 PROCESO DE ALEGACIÓNS  
2 meses. 18 decembro 2009 -18 febreiro 2010



## Os cartos que xestiona o concello en relación a outras entidades importantes na cidade. Inversións e beneficios.


- 1 INDITEX  
1317 millóns € beneficios netos (2009)
- 2 CAIXANOVA  
113 millóns € benef. brutos (3º trimestre 2009)
- 3 CAIXA GALICIA  
74 millóns € benef. netos (3º trimestre 2009)
- 4 CONCELLO DE A CORUÑA  
53 millóns € en inversións (2009)



## As dimensións do Porto Exterior e os futuros parques industriais en relación ao tamaño do Concello de A Coruña

Fonte: elaborado a partir dos datos da páxina oficial do porto exterior e a memoria do PXOM proposto.

- 1 CONCELLO DE A CORUÑA  
3858 ha de superficie
- 2 PARQUES INDUSTRIAIS PROXECTADOS  
300 ha
- 3 PORTO EXTERIOR  
143 ha



## A construción desmesurada de vivenda fronte ao estancamento poboacional na cidade\*

\* Entre 2003-2008, o crecemento foi de 1262 persoas. Datos do Concello de A Coruña.  
Fonte: elaborado a partir da memoria do PXOM proposto.

- 1 VIVENDAS TOTAIS NO CONCELLO  
112.898 viv.
- 2 VIVENDAS QUE PRETENDE CONSTRUIR O PXOM  
33.900 viv.
- 3 VIVENDAS CONSTRUÍDAS NA ÚLTIMA DÉCADA  
21.800 viv.
- 4 VIVENDAS VALEIRAS NA CIDADE  
17.322 viv.